

Vento nas veas

Homenaxe a Manuel Rodríguez López

MANRIQUE FERNÁNDEZ

O vento feríalle a cara con forza; o vento recio, frío e húmido co que topaba a cada paso. Era coma se a perseguise polas rúas da cidade. O seu pelo laso e corredío botábase cara a atrás e a chaqueta de lá inchábase coma un globo entorpecendo a estabilidade do seu corpo miúdo. Ela pechaba os ollos con forza e tentaba evitar dar cos ósos sobre o chan adoquinado. Pero o vento ceibaba un asubío rosmón e penetrante que provocaba inquietude no seu espírito feble. Un leve bambeo das súas pernas, recolocaba como podía o seu punto de equilibrio e, con moito coidado, probaba a dar un paso cara a adiante con resultado irregular. Era igual ca un neno titubeante que quixese botarse a andar.

E así toda a mañá, un refacho tras doutro... Atravesar a cidade convertíase, en días como aquel, nunha aventura imposible.

Cando, por fin, chegou á praza, tivo que aferrarse ao tronco dun albedro para non ser derrubada polo nordés. Sentiuse como se debe sentir unha hedra gabeando por aquel talo por pura supervivencia ("iSupervivencia!" pensaba, "iQue ironía!") e sorprendeuse de que, cun temporal tan desapracible, o arbusto mantivese as súas flores aferradas ás gallas. Observounas. Eran brancas, cunha leve tonalidade rosácea, pequenas e con forma de campá; estaban agrupadas en acios e cos pétalos soldados nunha soa peza coa que protexían o froito que maduraba no seu interior. Como faría unha nai protectora.

Aquilo fíxolle lembrar a súa propia nai, devorada por un cancro poucos anos atrás. "Seguro que me estará ollando dende onde queira que estea; ríndose

de min, vendo como caio unha e outra vez pola forza do vento. ¡Como me gustaría escoitar outra vez a súa risa algareira e contaxiosa!" E non puido evitar, a pesares de todo, debuxar un leve sorriso nos seus beizos delgados e gorentosos.

Outro refacho obrigouna a pechar de novo os ollos e a reforzar a súa aperta ao tronco do albedro. Do outro lado da praza, o portal da súa vivenda parecía animala a seguir camiño cara ao acubillo no que repousar o seu corpo malparado e canso. Un esforzo máis, pensaba. Tan de súpeto coma sempre, aquel vento vigoroso e antolladizo cesou por un intre. Sabía que só sería iso, unha leve pausa para coller forza, e aproveitou a tregua imprevista para botar unha carreira ata o portal. Un esforzo máis, insistía. Ao amparo do edificio rebuscou a chave no bolso, abriu a pechadura e, por fin, entrou dentro. Xa estaba a salvo.

Os espellos do portal reflectían a súa imaxe, as fazulas avermelladas, o pelo ensilveirado. Botouse a rir vendo o seu aspecto baldroeiro e descoidado rebotando nas paredes e seguiu camiño. Escolleu entre as chaves a máis pequeniña e abriu o buzón. Sen facerlles moito caso, colleu unha presa de papeis do seu interior e subiu polas escaleiras. "Facturas, publicidade e pouco máis... Pero ningunha carta de amor, ¡seguro!"

Ao entrar na vivenda pousou sobre unha mesiña que tiña na entrada a correspondencia, o bolso, e as chaves. Ao seu carón deixou o libro que Susana lle acababa de regalar: *Antoloxía poética*, de Manuel Rodríguez López. Fora a excusa da súa amiga para facela saír da casa obrigándoa a tan difícil paseo. "Non todos os días se cumpren anos –dixéralle–, e iso ben merece que me convides a un chocolate con churros". Quedaran na chocolataría que acababan de inaugurar no centro e alí riron un pouco falando disto e daquilo. Cando Susana lle entregou o libro leron algúns dos versos do poeta lugués para escorrentar ao vento: *"Non escóita-los prantos do vento / a chorar nas fendechas das portas? / Non tes mágoa dos nenos que medran / enfouzados na lama das corgas?"*

Foi á cociña para preparar un café co que darlle un pouco de quentura a aquel corpo tan maltratado pola climatoloxía. Puxo auga a ferver e, entremetres, prendeu o reprodutor de música e puxo o CD de Sam Cooke. Premeu varias veces a tecla de avance ata que soaron os primeiros compases de *Bring it on home to me*. Encantáballe aquela canción. Sentíase unha arqueóloga musical escoitando os vellos temas espirituais negros, o blues do delta, as cousas da Motown e arredores... Xa coas primeiras notas do piano puido percibir como un lategazo de serenidade lle percorría o fío do lombo. O amigo Sam era quen de facerlle acadar esa sensación coa súa voz escura e tenra.

Pechou os ollos e deixouse levar pola música. Trasládouse á ribeira do Mississippi cos versos iniciais: *If you ever change your mind / about leaving, leaving me behind...* Remexeu no bolso na procura dun cigarro e, ao ver as cartas recollidas antes, levounas á cociña e pousounas sobre o mesado nun xesto maquinal. *Oh, oh, bring it to me / bring your sweet loving...* Buscou unha taza e unha culler, botou o café, un pouco de zúcre, e achegouse á fiestra coa ollada perdida *...bring it on home to me, oh yeah...*

Fóra, o vento seguía zoando cunha forza desmesurada. Ao pasar entre os edificios da praza adquiría entidade sonora nun eco rosmón e agudo, coma o chiar dun paxaro triste que alongase o seu trino nun profundo suspiro. As pólas das poucas árbores que habitaban a praza abaneábanse ao seu ritmo recreando a representación visual do movemento do aire. Lembrou a súa imaxe nos espellos do portal e tentou recolocar coas mans espidas o seu pelo enguedellado. Despois remexeu no café e deulle o primeiro sorbo. Sentiu a súa negra quentura baixando polo esófago e como se espallaba por todo o corpo unha sensación agradable e morna. *I know I laughed when you left / but now I know I only hurt myself...*

Decidiu comprobar a correspondencia: o folleto semanal do supermercado con novas ofertas, unha mostra de balde de xabón de barbear, os sobres coas candidaturas de varios partidos políticos para as inminentes eleccións municipais... Todo foi a parar ao lixo. Quedou cunha notificación do

banco, outra do hospital e unha máis do xulgado. Afastounas de si e volveu de novo á fiestra. "¡Era visto! ¡Ningunha carta de amor!"

Intuíu o que contiña cada unha delas e preferiu disfrutar dun intre de descanso ollando cara ás pólas abaneadas polo vento. Espetou os ollos no albedo e fixo por esquecer, pero foille imposible. Aquelas misivas parecían chamar por ela dende o mesado cun resplandor que lle obrigaba a deitar os seus ollos da cor da mel nos sobres pechados. Unha bágoa (¡outra máis!) enlixou a súa meixela inmaculada.

O último ano fora unha tortura, unha mala nova detrás de outra, coma se viñesen enfiadas nunha sorte de rosario macabro e tebroso. De primeiras, o peche da oficina na que traballaba e o seu conseguente despedimento; despois, as dores; a continuación, as ríolas na oficina do INEM até agotar as prestacións, e máis dores; logo as consultas médicas, as análises interminables, as solicitudes de axuda social e as continuas negativas, os curriculums e máis negativas, as primeiras facturas sen pagar, as ameazas de desafiuzamento... E sempre as dores...

E para rematar, o diagnóstico máis temido. O doutor Solleiro era unha eminencia na súa especialidade e déralle un máximo de tres meses de vida. E dende entón xa pasaran dúas semanas; dous breves suspiros, dúas bafaradas de alento que apenas duraron a fugacidade dun lóstrego. Os outros médicos que consultara días despois só puideron reafirmar aquela maldita diagnose.

Por pura rutina abriu o sobre do banco e, cando veu o signo negativo diante dos números, non quixo saber máis e tirouno ao lixo. O vento asubiaba fóra arrastrando todas as súas esperanzas.

Despois a carta do hospital: as sesións de quimioterapia comezarían en dous meses. Non sabía se rir ou chorar. Dentro de dous meses estaría tan desfeita por dentro e por fóra que malamente daría chegado ao hospital. "¡País de merda!" pensou, e volveu a botarlle as culpas a tanto recorte e tanta macroeconomía inhumana. Tirouna tamén ao lixo. O asubío do vento era agora un bruído estarrecedor. Abriu a terceira.

O xulgado confirmáballe algo que ela xa sabía: que se iniciara o expediente de desafiuzamento. Susana, a súa amiga avogada, xa lle explicara o que a carta confirmaba agora e tamén que ese proceso alongaríase, cando menos medio ano. "¡Que vaian rañala todos! ¡Deixádeme morrer en paz!"

Achegouse ao reprodutor e subiu o volume. O amigo Sam seguía enchendo a casa coa súa voz escura e tenra mentres ela, coma se levase o vento nas veas, movíase pola sala ao ritmo da música improvisando unha danza taciturna e silandeira. *Bring your sweet loving / bring it on home to me, yeah, yeah...*